MARZO 2020

CIG
Confederación Intersindical Galega
ENSINO

informa

www.cig-ensino.gal

A CIG-Ensino trasládalle á ministra de Educación as súas alegacións ao proxecto da LOMLOE

O secretario nacional, Suso Bermello, e a secretaria de Organización, Marta Ferreiro, reuníronse esta mañá no Ministerio coa súa titular, Isabel Celaá, para dar conta das cuestións que entende o sindicato que tería que incluír unha nova norma educativa.

Entre as propostas trasladadas destaca a gratuidade do ensino de 0 a 18 anos, a redución das ratios en todas as etapas educativas, unha maior protección e respecto polas linguas propias, a defensa dun sistema que realmente atenda á inclusión e á atención á diversidade, o reforzo do ensino infantil, a eliminación das probas externas e o deseño de avaliacións que inclúan tamén o sistema e as políticas educativas, o tratamento unificado da ESO eliminando os itinerarios encubertos, a proxección da Formación Profesional garantindo o seu carácter público e reformulando o modelo da FP dual, a introdución de melloras para o profesorado, un sistema de acceso docente diferenciado e o rexeitamento a un MIR educativo, a defensa do ensino público como única rede e que o concertado sexa complementario só onde non exista oferta pública suficiente, a eliminación da relixión do currículo escolar e a garantía dunha xestión democrática dos centros.

Menos dunha semana despois de que o Consello de Ministros aprobara o proxecto lexislativo que pretende substituír á LOMCE e reformar a LOE, a CIG-Ensino vén de reunirse coa ministra de Educación, Isabel Celaá, para contrastar a visión do sindicato maioritario en Galiza ao respecto desta reforma educativa. Tal e como se recolle no documento entregado polo seu secretario nacional, Suso Bermello, a CIG-Ensino lamenta que desde o inicio do anterior goberno de Sánchez non se acometera a derrogación inmediata da LOMCE para elaborar a continuación, de forma sosegada, unha lei actualizada e que significara unha reforma en profundidade do sistema educativo. Todo indica que a intención do novo goberno pasa por darlle á nova lei un carácter de permanencia no tempo polo que, desde a CIG-Ensino, achegáronse propostas que, moitas delas, xa foran presentadas no seu día na Mesa Sectorial de Educación e no Consello Escolar do Estado e que agora deberían formar parte do debate no trámite parlamentario que terá lugar nos próximos meses. Suso Bermello trasladoulle á ministra o malestar da CIG-Ensino polo debate que

se xerou recentemente arredor da formación e da función docente, que se quere trasladar de forma interesada como o gran problema da educación. Neste sentido, amosouse contrario ao MIR Educativo que, aínda que non se vai regular nesta normativa, é un dos elementos que a propia ministra está a destacar como reforma estrela da súa acción de goberno nesta lexislatura.Neste sentido, amosouse contrario ao MIR Educativo que, aínda que non se vai regular nesta normativa, é un dos elementos que a propia ministra está a destacar como reforma estrela da súa acción de goberno nesta lexislatura.

No documento de achegas establécense, pola contra, moitas medidas que desde o punto de vista da central sindical si que incidirían claramente nunha mellora da calidade do ensino público, que pasa sobre todo por blindar o sistema público e considerar o ensino concertado como suplementario. En consideración da CIG-Ensino, a lei educativa estatal debe fixar uns mínimos que permitan desenvolver unha lei galega de educación que dea cabida ás nosas propias competencias e á defensa da nosa lingua. “Neste aspecto, calquera norma estatal debería incluír a protección das linguas propias de acordo á Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas asinada polo Estado español e permitir, entre outras medidas, que estas se poidan estudar nas EOI de todo o Estado”, indicou Bermello. Así mesmo, no documento entregado á ministra propóñense outras medidas que redundarían na universalidade e mellora do sistema educativo público:

1.- **Gratuidade total do ensino público dende os 0 aos 18 anos.**

2.- **Redución das ratios encamiñándose ao seguinte obxectivo:**
- 6 en EI de 0-1 ano, 10 en EI de 1-2 anos e 12 en 2-3 anos.
- 15 no 2º ciclo de Infantil.
- 20 en Primaria e ESO.
- 25 no Bacharelato.
- 15 na FP Básica e nos PMO (actuais PMAR).

3.- **Aposta por un 1º ciclo de Infantil con carácter educativo, garantindo a gratuidade desta etapa educativa e a introdución do carácter obrigatorio e gratuíto do 2º ciclo de infantil.**

4.- **Reforma integral da Inspección Educativa, centrando o seu traballo no asesoramento pedagóxico, educativo e de xestión.**

6.- **Introdución de medidas que incidan realmente na inclusión e na atención á diversidade: reforzo da acción titorial e de orientación, dotación de máis profesorado de PT e AL, creación de novos postos de traballo con perfil social e sanitario nos centros, potenciar a oferta educativa no rural e en zonas desfavorecidas...**

7.- **Considerar a ESO como etapa no seu conxunto, evitando a diferenza que se consolida no anteproxecto dun 3+1, como xa aparecía na LOE e se reforza na LOMCE, e o mantemento dos itinerarios.**

8.- **Non centrar o reforzo da Formación Profesional só a través da modalidade Dual e regular claramente esta para que non se converta nun modelo de explotación laboral nin implique recorte de profesorado. Así mesmo, é necesario blindar a FP fronte á privatización, non só a través da entrada das empresas na Dual, senón tamén a través do novo requisito que se introduce para acceder a ciclo superior, un curso que poden ofertar entidades privadas e que exime de ter titulación de ciclo medio ou da realización de proba de acceso. A pasarela de medio a superior só debe existir no caso de equivalencia curricular entre ambos títulos.**

9.- **Devolver a democracia á xestión e ao goberno dos centros educativos, tanto no que ten a ver coa elección dos equipos directivos como a recuperar as potestades do Consello Escolar.**

10.- **Integración das ensinanzas artísticas e superiores na universidade coa súa adaptación progresiva tanto en materia de investigación como de titulacións de grao e de posgrao.**

CIG Confederación Intersindical Galega ENSINO

Achegas da CIG-Ensino para unha nova lei educativa

Marzo 2020

O control educativo non pode facerse de costas ao profesorado

A falta de coñecer os detalles de como se concretará a avaliación docente que tamén avanzou a ministra como liña de traballo do seu departamento, o que si se sabe é que a LOMLOE vai manter en boa medida as probas avaliadoras externas implantadas pola LOMCE e que tiveron un forte rexeitamento, liderado pola comunidade educativa galega en todo o Estado. Se ben é certo que estas probas xa non terán carácter académico nin condicionarán a titulación como impuxera o PP, non deixa de ser preocupante, a ollos da CIG-Ensino, o control e xerarquía curricular e mesmo pedagóxica que se induce con probas destas características. En concreto a CIG-Ensino fixa como obxectivo que se eliminen as probas que substitúen ás reválidas en 6º de EP e 4º da ESO -que pretenden un control curricular seguindo criterios economicistas e de organismo coma a OCDE e menoscabar a independencia e o criterio académico do profesorado-. Tamén que ou ben se eliminen as de 4º de EP e 2º ESO ou se modifiquen substancialmente. Neste sentido, Suso Bermello quixo aclarar que "desde a CIG non nos opoñemos a que existan probas de diagnóstico que avalíen a marcha do proceso educativo mais, de existir, deben partir de parámetros totalmente diferentes, tanto aos impostos pola LOMCE como aos que presenta este proxecto de lei".

A nova norma debería incorporar melloras para o profesorado

Na disposición adicional sétima do anteproxecto da LOMLOE ábrese a porta ao desenvolvemento da profesión docente. Á marxe do anunciado pola ministra de momento na prensa e nas súas comparecencias sobre a avaliación docente ou o "MIR educativo", que a CIG-Ensino rexeita porque supón unha precarización da profesión e considera que no acceso á función pública debería existir unha dobre vía para dar resposta á numerosa bolsa de persoas interinas creada pola administración nos últimos anos sen deixar de darlle posibilidade de entrar no sistema a persoas sen experiencia previa, hai unha serie de aspectos que deberían incorporarse con carácter de mínimos ou ben no articulado da lei ou desenvolverse posteriormente e que supoñen melloras significativas da situación do profesorado como a definición por lei dun cadro de enfermidades profesionais, a regulación do dereito do profesorado maior de 55 anos a reducir o seu horario lectivo sen redución salarial, a creación dun corpo único de ensinantes, coas mesmas condicións de acceso e de desempeño do traballo, tanto en horario como en salario, pertencente ao grupo A1, comezando por quen nestes momentos desempeña a mesma función: profesorado do corpo de mestres que traballa na ESO, incluído o de PT e AL; profesorado do corpo de PTFP ou de

música e artes escénicas que imparte docencia nos CMUS superiores e, por último, garantir o carácter indefinido da xubilación anticipada aos 60 anos para todo o colectivo docente, tamén para quen accedeu despois de xaneiro de 2011 e para o persoal interino.

Sen valentía nas cuestións ideolóxicas

Desde a CIG-Ensino cualifícase como "falta de valentía" a actitude do goberno de coalición do PSOE-Unidas Podemos ao respecto dos temas máis polémicos da lei, cando menos desde o punto de vista mediático. Nin a relixión queda fóra das aulas, como demandaba o sindicato, nin se eliminan os concertos e polo tanto o financiamento público dos centros que segregan alumnado por razón de sexo. O sindicato agarda que estas dúas cuestións sexan modificadas durante o trámite parlamentario do proxecto de lei.

Así mesmo, Suso Bermello transmitiulle á ministra que, unha vez aprobada a reforma, debe entrar en vigor canto antes co mínimo período transitorio posíbel "para non confundir máis ao persoal docente e ao conxunto da comunidade educativa ao longo de varios cursos cunha introdución por fases e dilatada no tempo".

Recuperemos o espírito contra a LOMCE! Reclamemos a devolución de todos os dereitos que nos roubaron coa escusa da crise comezando polo noso horario que ten implicacións en todo o demais: ratios, aumento do profesorado, reforzos...

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal